

# A xestión como ferramenta para o control das mastites e o RCS

Presentamos o programa de xestión de calidade de leite Gescal, que se estrutura con base en catro puntos principais: recollida de datos, análise, revisión das principais rutinas e fixación de obxectivos, cuxa posta en marcha se establece a través dun sistema de traballo mensual nas granxas e cuxa metodoloxía explicamos nas seguintes páxinas.

**Cristian Paniagua Echevarría, Patricia de Celis Martínez**
Gescal Veterinarios SLP

Tradicionalmente o traballo en calidade de leite enfocouse coma un servizo ocasional, descontinuo, máis como apagalumes ante unha conxuntura de repunta dos problemas de mastites ou do reconto de células somáticas que como un traballo sistemático, programado e coa xestión como base para o control das explotacións. Desde Gescal Veterinarios sempre apostamos por ofrecer a asesoría en calidade de leite como un programa de visitas periódicas, na que a filosofía de traballo estea máis orientada á análise dos datos e á implementación de medidas de mellora, cunha perspectiva de resultados inmediatos, pero fundamentalmente cunha orientación cara ao medio e longo prazo.

> SE A GRANXA PRESENTA PROBLEMAS POR MASTITES CONTAXIOSAS, ESTABLÉCESE UN PROGRAMA DE RECOLLIDA DE MOSTRAS EN CADA VISITA DOS CUARTEIRÓNS POSITIVOS DE VACAS CON NOVAS INFECCIÓNS PARA O SEU CULTIVO NO LABORATORIO

Se ben realizamos consultorías puntuais (tanto presenciais como *online*) en España e no estranxeiro con clientes localizados lonxe da nosa base de acción, a nosa principal carteira de clientes segue un programa de xestión de calidade de leite mensual.

Os catro eixes básicos nos que se basea o noso traballo son:

- Recollida de datos obxectivos, fiables e veraces
- Análise deses datos
- Revisión das principais rutinas con influencia na calidade de leite
- Fixación de obxectivos

Para a consecución destes catro eixes trazamos unha sistemática de traballo que replicamos cada mes en todas as granxas ás que asesoramos da maneira que explicamos a continuación.

## PREPARACIÓN DA VISITA

Se a granxa está en control leiteiro, programamos a visita unha vez que o último control estea dispoñible. Descargamos o arquivo a unha base de datos (Gescal Analytics), que nos xera unha serie de informes que nos axudan a entender como evolucionou a dinámica de infección na granxa desde o mes anterior. Estes informes debúllannos os datos desde o todo ata o individuo, é dicir, por orde de importancia analízannos o funcionamento do rabaño no seu conxunto, o dos lotes por número de lactación, días en leite e secado e o individual por orde de n.º de crotal de vaca ou por valor descendente de RCS. Tamén se revisa a información do laboratorio interprofesional para ver como se comportou o RCS de tanque e recompílanse os informes laboratoriais se se mandaron mostras de mastites para cultivo bacteriolóxico ou PCR nese mes. Finalmente, elabórase unha táboa coas vacas que se queren mirar a CMT no muxido, na cal normalmente incluímos os animais que desen >200.000 células somáticas no control, animais crónicos doutras visitas, vacas que tivesen mastites ▸▸



HUVEPHARMA®

# Aportamos rentabiliad a tu negocio






## Albiotic®

**Única Sinergia**
**Amplio Espectro**
**No Irritante**
**Solución Acuosa**




## Pharmasin®

**Seguro y Eficaz**

**ALBIOTIC** Solución intramamaria para vacas lecheras – COMPOSICION: Una jeringa de 10ml contiene lincomicina (como lincominica clorhidrato) 330 mg y Neomicina (como neomicina sulfato) 100 mg – INDICACIONES: Para el tratamiento debla mastitis en vacas lecheras. El producto es efectivo frente especies de Staphylococos (cepas productoras y no-productoras de penicilinasas) incluyendo *Staphylococcus aureus*, especies de estreptocos incluyendo *Streptococcus agalactiae, Streptococcus dysgalactiae* y *Streptococcus uberis*, y bacterias coliformes incluyendo *Eschericia coli*. – CONTRAINDICACIONES: Ninguna – ADVERTENCIAS ESPECIALES PARA CADA ESPECIE DE DESTINO: Ninguna – Precauciones especiales de uso: Precauciones especiales para su uso en animales: Ninguna. Precauciones específicas que debe tomar la persona que administre el medicamento veterinario a los animales: Evitar el contacto con la solución. Lavarse las manos después del uso. En caso de contacto con la piel y/o los ojos, lavar inmediatamente con agua abundante. – REACCIONES ADVERSAS: Ninguna conocida. – TIEMPO DE ESPERA: Leche 84 horas. Carne: 3 días - Nº Registro: 1281 ESP.

**PHARMASIN 200 mg/ml** Solución inyectable para bovino, ovino, caprino y porcino – COMPOSICION: Cada ml contiene: Sustancia Activa: Tilosina 200.000 UI, Excipientes: Alcohol bencílico (E1519) 40 mg – INDICACIONES: Infecciones causadas por microorganismos susceptibles a la tilosina. Bovino (adulto): Tratamiento de infecciones respiratorias, metritis causadas por microorganismos Gram positivos, mastitis causada por *Streptococcus spp., Staphylococcus spp.* Y necrobacilosis interdigital, es decir, panadizo o pododermatitis séptica. Bovino (Terneros): Tratamiento de infecciones respiratorias y necrobacilosis. Porcino: Tratamiento de la neumonía enzoótica, la enteritis hemorrágica, la erisipela y la inflamación uterina. Tratamiento de la artritis causada por *Mycoplasma* y *Staphylococcus spp*. Ovino y caprino: Tratamiento de infecciones respiratorias, metritis causada por microorganismos Gram positivos, mastitis causada por microorganismos Grampositivos o *Mycoplasma spp* – CONTRAINDICACIONES: No usar en caballos. La inyección intramuscular puede ser mortal en pollos y pavos. No usar en casos de hipersensibilidad a la tilosina, otros macrólidos o a algún excipiente– REACCIONES ADVERSAS (frecuencia y gravedad) Pueden aparecer manchas en el lugar de inyección y persistir durante un máximo de 21 días después de la administración. En casos muy poco frecuentes se han observado las siguientes reacciones adversas: inchazón/inflamación en el lugar de inyección, hinchazón vaginal en vacuno, edema de la mucosa rectal, protuberancia anal parcial («en forma de capullo de rosa»), eritema y prurito en porcino, choque anafiláctico y muerte – TIEMPOS DE ESPERA: Bovino: Carne:28 días. Leche: 108 horas Ovino y caprino: Carne: 42 días Leche: 108 horas Porcino: Carne: 14 días - Nº Registro: 2783 ESP.


Lely Astronaut A5
100 mediciones al día por 0,01 €
calor/celo
temperatura
Horizon
concentrados
collar
confort
ingestión
recuento celular
libertad
Margen
vaca
TB TP
cellular
rapidez
desinfección
fácil
calidad
detección
eficiencia
rumia
leche
limpieza
ordeño
conductividad
cetosis
rapidez
rendimientos
fiabilidad
peso
colorimetría
eficiencia
pulsación
clic
producción
cepillo
personalizada
Elija precisión
a un costo menor
Para su proyecto de robotización,
contáctenos al +34 (0) 667949398
LELY
www.lely.com

**Modelo de informe individual**

O informe individual é de grande utilidade para a toma de decisións vaca a vaca, xa que nos indica o status sanitario actual do animal, pero tamén o historial de meses con problemas que tivese na lactación actual e na pasada, así como a súa produción. Son elementos claves para decidir que facer con cada vaca infectada (venda, secado, tratamento etc.).

GesQal veterinarios, S.L.P.

**INFORME INDIVIDUAL**

GANADERO: [redacted]

FECHA SOLICITUD:19-04-2021

FECHA CONTROL:14-04-2021

| Vaca | Nº lac. | Mes | Litros | L lac. | RCS mes ant. | RCS mes act. | >200ant. | >200act. | LS act. | LS lact. | Categoría |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | 2 | 6 | 47.6 | 50.4 | 27 | 26 | 2 | 0 | 1.7 | 1.4 | SANA |
| 3 | 2 | 4 | 50.4 | 55.3 | 97 | 25 | 1 | 0 | 1.6 | 2.2 | SANA |
| 4 | 2 | 5 | 52.8 | 54.6 | 30 | 20 | 1 | 0 | 1.4 | 2.3 | SANA |
| 340 | 6 | 5 | 56.7 | 52.0 | 28 | 18 | 4 | 0 | 1.3 | 1.5 | SANA |
| 351 | 4 | 5 | 53.6 | 59.0 | 119 | 125 | 2 | 0 | 3.2 | 2.7 | SANA |
| 372 | 5 | 11 | 37.9 | 45.4 | 251 | 71 | 4 | 3 | 2.7 | 3.3 | CURADA |
| 389 | 5 | 8 | 33.1 | 38.6 | 53 | 48 | 3 | 0 | 2.3 | 2.5 | SANA |
| 390 | 5 | 2 | 40.7 | 39.5 | 202 | 113 | 8 | 1 | 3.1 | 3.5 | CURADA |
| 392 | 5 | 8 | 20.1 | 39.5 | 48 | 57 | 0 | 0 | 2.4 | 2.8 | SANA |
| 393 | 5 | 9 | 39.6 | 46.3 | 257 | 453 | 2 | 4 | 4.5 | 3.6 | CRÓNICA |
| 398 | 5 | 6 | 48.4 | 47.3 | 19 | 39 | 2 | 0 | 2.1 | 1.9 | SANA |
| 412 | 3 | 6 | 48.7 | 51.6 | 99 | 126 | 1 | 2 | 3.2 | 4.0 | SANA |
| 418 | 5 | 1 | 59.9 | 59.9 | Mes lac. 1 | 161 | 3 | 0 | 3.5 | 3.5 | SANA |
| 419 | 4 | 9 | 42.6 | 50.3 | 209 | 132 | 1 | 2 | 3.3 | 3.4 | CURADA |
| 424 | 4 | 6 | 43.9 | 45.5 | 33 | 37 | 0 | 1 | 2.0 | 2.6 | SANA |
| 425 | 4 | 1 | 57.3 | 57.3 | Mes lac. 1 | 22 | 0 | 0 | 1.5 | 1.5 | SANA |
| 429 | 4 | 2 | 51.2 | 49.7 | 104 | 14 | 0 | 0 | 1.0 | 2.5 | SANA |
| 431 | 4 | 3 | 45.0 | 44.2 | 5822 | 567 | 6 | 3 | 4.7 | 6.3 | CRÓNICA |
| 432 | 4 | 6 | 42.4 | 48.2 | 736 | 1027 | 6 | 4 | 5.3 | 4.5 | CRÓNICA |
| 445 | 4 | 2 | 62.5 | 58.1 | 29 | 9 | 5 | 0 | 0.6 | 1.3 | SANA |
| 447 | 4 | 5 | 35.3 | 37.8 | 218 | 344 | 5 | 2 | 4.2 | 3.8 | CRÓNICA |
| 449 | 2 | 13 | 42.8 | 47.5 | 35 | 41 | 1 | 0 | 2.1 | 2.3 | SANA |
| 453 | 3 | 9 | 40.7 | 38.0 | 136 | 63 | 2 | 0 | 2.5 | 2.4 | SANA |
| 461 | 3 | 9 | 29.4 | 40.3 | 121 | 84 | 1 | 0 | 2.8 | 2.4 | SANA |
| 462 | 3 | 3 | 57.5 | 51.6 | 133 | 135 | 2 | 1 | 3.3 | 5.4 | SANA |
| 465 | 3 | 9 | 35.9 | 47.8 | 87 | 93 | 4 | 0 | 2.9 | 2.7 | SANA |
| 469 | 3 | 8 | 35.2 | 38.4 | 147 | 105 | 0 | 4 | 3.0 | 4.3 | SANA |
| 470 | 2 | 9 | 40.0 | 43.9 | 108 | 132 | 0 | 0 | 3.3 | 2.8 | SANA |
| 472 | 3 | 5 | 33.7 | 48.4 | 148 | 935 | 2 | 1 | 5.2 | 3.8 | N.I. |
| 473 | 3 | 3 | 63.6 | 55.6 | 17 | 15 | 0 | 0 | 1.1 | 1.2 | SANA |
| 474 | 3 | 2 | 52.1 | 54.5 | 18 | 71 | 2 | 0 | 2.7 | 2.2 | SANA |
| 475 | 3 | 7 | 25.3 | 32.0 | 109 | 107 | 2 | 3 | 3.1 | 3.8 | SANA |
| 478 | 3 | 2 | 59.3 | 60.6 | 28 | 14 | 3 | 0 | 1.0 | 1.4 | SANA |
| 480 | 3 | 2 | 52.1 | 48.7 | 31 | 22 | 0 | 0 | 1.5 | 1.7 | SANA |
| 481 | 3 | 3 | 50.2 | 53.8 | 54 | 19 | 0 | 0 | 1.3 | 2.0 | SANA |
| 486 | 3 | 1 | 59.0 | 59.0 | Mes lac. 1 | 9 | 4 | 0 | 0.6 | 0.6 | CURADA |
| 488 | 3 | 1 | 39.4 | 39.4 | Mes lac. 1 | 187 | 6 | 0 | 3.6 | 3.6 | CURADA |
| 492 | 2 | 8 | 35.7 | 39.1 | 364 | 181 | 0 | 3 | 3.6 | 4.1 | CURADA |
| 493 | 3 | 4 | 33.7 | 43.8 | 111 | 60 | 1 | 0 | 2.5 | 2.3 | SANA |
| 497 | 2 | 8 | 30.7 | 42.2 | 499 | 184 | 1 | 7 | 3.6 | 4.7 | CURADA |
| 499 | 3 | 1 | 54.3 | 54.3 | Mes lac. 1 | 19 | 0 | 0 | 1.3 | 1.3 | SANA |
| 503 | 1 | 15 | 28.6 | 42.3 | 83 | 80 | 0 | 0 | 2.8 | 2.2 | SANA |
| 504 | 2 | 10 | 32.9 | 43.4 | 88 | 747 | 3 | 5 | 5.0 | 5.8 | N.I. |
| 506 | 2 | 6 | 37.9 | 46.3 | 33 | 53 | 0 | 0 | 2.4 | 1.6 | SANA |
| 507 | 2 | 5 | 36.3 | 37.7 | 29 | 21 | 0 | 0 | 1.4 | 1.3 | SANA |
| 508 | 2 | 6 | 42.0 | 45.7 | 26 | 24 | 3 | 0 | 1.6 | 1.5 | SANA |
| 509 | 2 | 6 | 45.6 | 44.8 | 107 | 82 | 0 | 0 | 2.8 | 2.4 | SANA |
| 511 | 1 | 16 | 25.5 | 30.0 | 49 | 51 | 0 | 5 | 2.3 | 4.0 | SANA |
| 513 | 2 | 4 | 56.7 | 48.5 | 28 | 15 | 0 | 0 | 1.1 | 1.6 | SANA |
| 517 | 2 | 3 | 43.5 | 40.9 | 36 | 26 | 2 | 0 | 1.7 | 2.0 | SANA |
| 518 | 2 | 6 | 28.1 | 32.9 | 1200 | 1060 | 2 | 2 | 5.4 | 4.4 | CRÓNICA |
| 519 | 2 | 3 | 44.6 | 45.8 | 17 | 7 | 2 | 0 | 0.3 | 1.1 | SANA |
| 520 | 1 | 17 | 41.7 | 36.2 | 16 | 14 | 0 | 0 | 1.0 | 1.5 | SANA |
| 521 | 2 | 2 | 46.9 | 50.9 | 48 | 30 | 1 | 0 | 1.8 | 2.1 | SANA |
| 522 | 2 | 3 | 44.5 | 41.3 | 163 | 80 | 2 | 0 | 2.8 | 2.9 | SANA |
| 523 | 2 | 1 | 47.2 | 47.2 | Mes lac. 1 | 23 | 7 | 0 | 1.5 | 1.5 | SANA |
| 527 | 1 | 11 | 27.9 | 31.1 | 28 | 52 | 0 | 1 | 2.3 | 2.5 | SANA |
| 530 | 1 | 8 | 49.3 | 43.2 | 24 | 24 | 0 | 0 | 1.6 | 1.6 | SANA |
| 531 | 1 | 8 | 32.7 | 34.7 | 48 | 27 | 0 | 0 | 1.7 | 1.8 | SANA |
| 533 | 1 | 9 | 24.9 | 26.3 | 23 | 25 | 0 | 1 | 1.6 | 2.7 | SANA |
| 534 | 1 | 7 | 37.6 | 37.2 | 62 | 36 | 0 | 0 | 2.0 | 2.2 | SANA |
| 535 | 1 | 9 | 47.4 | 38.6 | 27 | 17 | 0 | 0 | 1.2 | 1.8 | SANA |

Documento generado a través de la aplicación de calidad el 19/04/2021 11:45:52

Página 1 de 2

## VISITA Á GRANXA

A visita á granxa comeza coa revisión do muxido, desde o seu comezo ata o final. Como mencionamos anteriormente, se a explotación está en control leiteiro, xa temos preparada unha listaxe de vacas para revisar a CMT. Con isto o que tentamos é discriminar no caso das vacas con altos recontos celulares se é debido a que teñan un ou varios cuarteiróns positivos (feito que nos axudará á toma de decisións posterior sobre ese animal). Coas vacas que foron tratadas para mastites clínicas determinaremos as curacións e coas crónicas se melloraron ou non respecto ao mes anterior (especialmente se están nalgún programa de aplicación de tratamentos antiinflamatorios para a redución da súa RCS). No caso das vacas que vaian secarse nos próximos días, confirmamos o seu estado sanitario comparándoo co dato do control para decidir que tipo de secado lle aplicamos (moi relevante para estarmos seguros, por exemplo, nas granxas nas que instauramos o secado selectivo).

Se a explotación non está en control leiteiro, repasamos todas as vacas presentes (que leven máis de cinco días paridas) a CMT. Esta sistemática, máis alá de ser bastante laboriosa, capacítanos para poder elaborar estatísticas similares ás obtidas co control leiteiro. É certo que co CMT non obtemos un dato numérico de cada vaca, pero si podemos determinar (cunha sensibilidade e especificidade máis que razoables) se cada individuo ten unha infección subclínica ou está san. Isto facémolo simplemente identificando como animal con RCS >200 aquel que ten un ou máis cuarteiróns positivos ▸▸

Promoción / *Promoção*

# HIGIENE ORDEÑO
## *DA ORDENHA*

**Primavera 2021**

delagro®




DETERGENTE ALCALINO
★
**REGALO**
*PRESENTE*

# GAMA **EXCELLENCE**

| × 60kg | × 120kg | × 200kg |
|---|---|---|
| producto de Gama Excellence<br>*gama de produtos Excellence* | producto de Gama Excellence<br>*gama de produtos Excellence* | producto de Gama Excellence<br>*gama de produtos Excellence* |
| **+ 24kg detergente GRATIS** | **+ 72kg detergente GRATIS** | **+ 144kg detergente GRATIS** |

981 519 920 · delagro@delagro.org · www.delagro.org

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desarrollo Regional
"Una Manera de hacer Europa"
ICEX

a CMT. Despois de moitos anos seguindo este método, observamos que existe gran concordancia entre as prevalencias de infección que sacamos e o dato de RCS de tanque da explotación, é dicir, atopamos que en granxas con medias de <150.000 células somáticas sáennos <15 % de animais positivos a CMT. Comparando os datos co mes anterior, é igualmente sinxelo sacar a porcentaxe de novas infeccións e a porcentaxe de cronicidade. Así mesmo, se a explotación dispón de programas informáticos de xestión, non é difícil obter eses mesmos índices por número de lactación e DEL. Grazas a que revisamos todas as vacas e, por tanto, todos os cuarteiróns, obtemos a maiores a porcentaxe de cuarteiróns sans (granxas con bos índices están >95 % de cuarteiróns sans) e a porcentaxe de cuarteiróns perdidos (explotacións con poucos problemas están folgadamente por baixo do 1,5 % de cuartos perdidos). É un método moi barato (o custo do CMT é moi baixo), pero que require certo nivel de esforzo, aínda que, coa información que obtemos, consideramos que merece moito a pena.

Se a granxa presenta problemas por mastites contaxiosas, establécese un programa de recollida de mostras en cada visita dos cuarteiróns positivos de vacas con novas infeccións para o seu cultivo no laboratorio. Nas granxas con antecedentes por etioloxía ambiental envíanse mostras ao laboratorio polo menos unha vez ao ano e cando hai brotes acusados de mastites.

O traballo de paleta adoita ser compatible con deixarnos tempo durante o muxido para facer outras revisións de interese para o control da calidade de leite da granxa.

A máis importante é a revisión dinámica da sala de muxido. Revisamos todos os pulsadores para valorar se as fases de muxido/masaxe e a coxeira están dentro dos parámetros desexados. Medimos a presión sen carga na unidade final, a presión sen carga dinámica en tubo curto sen carga, a flutuación media, a sobrepresión das tetoeiras e comprobamos que a retirada automática está correcta. Simplemente cun Pulsotest pódense facer estas medicións, aínda que coa unidade de control VaDia temos marxe para estudos máis completos. A periodicidade desta revisión determinámola polo número de muxidos por punto ao día. Así, nas granxas con máis horas de muxido o recoñecemento será mensual e nas que menos carga de traballo exista será, mínimo, trimestral.

O estudo da hiperqueratose constitúe un control esencial na sala de muxido. Sempre que revisamos a punta do teto, facémolo unha vez finalizado o muxido, ao 100 % do efectivo en granxas con menos de 100 vacas en muxido, ao 60 % se moxen menos de 500 vacas se nas de >1.000 ao 30 % sempre realizando unha mostra o máis representativa da porcentaxe de animais por número de lactación e días en leite da explotación. Este recoñecemento realizámolo unha vez ao ano, pero, se houbo algún cambio na retirada automática, o tipo de tetoeira, a presión sen carga ou a pulsación, aumentamos a frecuencia de revisión.

A valoración da rutina de muxido adoitamos revisala sempre que empezamos a traballar cun cliente novo ou no caso de que se contrataron muxidores novos. Anotamos o n.º de vacas muxidas (ou litros)/punto/muxidor/hora, o tempo medio desde que se aplica o *predipping* ata a colocación da unidade de muxido (tempo de estimulación), o tempo de acción do *predipping*, a porcentaxe de tetos ben aplicado o pre e *postdipping*, a orde da rutina de muxido, se se despunta ou non e cando, ou o uso correcto do papel/pano para o secado dos tetos. Unha vez que a granxa realiza estes procesos como queremos, valoramos o seu cumprimento en cada visita simplemente coa mera observación mentres realizamos outros recoñecementos, pero non de maneira exhaustiva.

Aínda que parece que todas as revisións das que falamos non se poidan facer no mesmo muxido, con certa práctica e aproveitando os tempos mortos entre quendas (é certo que nas salas de muxido rotatorias é pouco viable), pódese realizar sen moito problema.

Unha vez concluído o muxido, realizamos unha inspección das diferentes áreas de produción e establos da granxa. Cun termómetro calibrado tomamos a temperatura das camas tanto do patio de lactación como do de secas, especialmente as que son orgánicas e poidan fermentar, para determinar se o manexo é o adecuado (temperaturas de cama por riba de 30 °C son de alto risco para a aparición de infeccións no rabaño). Igualmente valoramos o grao de amoreamento nas naves (m²/vaca ou n.º cubículo/vaca) tanto en lactación, secas e reposición, coma na hixiene das camas e limpeza dos animais.

Revisamos tamén os ensilados, rexistrando a temperatura da fronte de avance en varios puntos para ver se hai zonas quentes ou con alteracións macroscópicas.

Neste punto, recompilamos todas as nosas anotacións e imos á oficina a poñelas en limpo para complementalas coa información que nos poida achegar, se se dispón dela, do programa de xestión da sala de muxido e do de reprodución. Se a sala está

ESTAMOS CONVENCIDOS DE QUE, CANTO MAIOR SEXA O SEGUIMENTO DUNHA GRANXA, MÁIS FACILMENTE SE ENCONTRARÁ A RAÍZ DOS PROBLEMAS E MÁIS RAPIDAMENTE SE ACABARÁN SOLUCIONANDO

# Creando el mejor futuro




# #1 CAPTAIN GTPI

GTPI +3162 / MN$ + 975

# #1 STgenetics®

**PROGRAMA GENÉTICO**

**48% del Top**

100 GTPI son toros de STgenetics

(ranking toros jóvenes USDA-CDCB Abril 21)

*Y además...*

JARVIS GTPI +3056
IDEALIST GTPI +3011
JAMISON GTPI +3010

DISTRIGEN

Ansoain (Navarra)
649 466 728 / 689 233 030
distrigen@distrigen.es
www.distrigen.es

SexedULTRA 4M™

informatizada, repasamos os índices da *performance* de muxido (% bimodalidade, TRO, % leite 2' tempo baixo fluxo, fluxo aos 15"/30"/1"/2", n.º vacas muxidas/hora). A maiores, pasamos os datos do rexistro de mastites clínicas da explotación a unha folla de cálculo para filtrar ben os datos anotados polos muxidores e sacar os índices de mastites clínicas deste mes, que son de vital importancia para, xunto cos datos de RCS, poder obter a foto completa do estado sanitario da explotación.

**Exemplo dun rexistro de mamite**

Non consideramos como caso clínico aqueles que repiten do mesmo cuarteirón nos 21 días seguintes á finalización do tratamento anterior. Categorizamos como unha mastite repetidora aquela que ten a mesma vaca na mesma lactación sexa ou non no mesmo cuarteirón. Do mesmo xeito que coas mastites subclínicas, é básico discriminar a procedencia dos casos clínicos en función do n.º lactación/DEL ou sobre o tipo de cama dos patios, axente etiolóxico (só se se dispón de cultivo en granxa) ou por cuarteirón.

## Cadro de mandos das medicións da t.ª da explotación

| Tª AMB | TªCAMA1 | TªCAMA2 | TªSECAS | DÍAS CAMA | TªMAIZ | TªENS2 | pezoneras | %HQ | vacunación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| -4ºC | 30ºC | 32ºC | 15ºC | 7/8 DÍAS | 15-35º | 8-20ºC | | | |
| 3ºC | 23ºC | 20ºC | 15ºC | 5/2 DÍAS | 15-35º | 10ºC | | | |
| 5ºC | 28ºC | 22ºC | 23ºC | 7/5 DÍAS | 15ºC | 6ºC | 10.3.20 | | 31.3.20 |
| 3ºC | 25ºC | 24ºC | 22ºC | 5/4 DÍAS | 14ºC | 7ºC | | | |
| 9ºC | 16ºC | 14ºC | 25ºC | 3/12DÍAS | 16ºC | | 27.5.20 | | |
| 15ºc | 14ºC | 16ºC | 15ºC | 1/20 días | 19ºc | 22ºc | | 25 % | |
| 17ºC | 15ºC | 14ºC | 15ºC | 2/2 DÍAS | 20-25º | 20-25ºC | | | 10.8.20 |
| 17ºc | 19ºc | 19ºc | 21ºc | 3/10 DÍA! | 23-35º | 30ºC | | | |
| 15ºC | 18ºC | 16ºC | 19ºC | 6/4 DÍAS | 20-40º | 25ºC | | | |
| 13ºC | 20ºc | 21ºc | 21ºc | 1/2 DÍAS | 22ºC | 21ºC | | | |
| 7ºC | 31ºC | 18ºC | 28ºC | 5/1 DÍA | 18ºC-3 | 20ºC | 26.11.20 | | |
| 2ºC | 22ºC | 32ºC | 30ºC | 3/6 DÍAS | 15ºC | 16ºC | | | 20.12.19 |
| | | | | | | | 12,5 ORI | <20% | |
| | <25ºc | <25ºc | <25ºc | <7 días | <20ºc | <15ºc | 7 MESES | <33% | cada 4 me |



Cun termómetro calibrado tomamos a temperatura das camas tanto do patio de lactación como do de secas e revisamos tamén os ensilados

## Cadro de mandos de mastite subclínica por CMT e mastites clínicas

SANIDAD DE UBRE. CONTROL DE LAS MASTITIS SUBCÍNICAS

| 2020 | nº vacas | RCS | % v. sanas | % cuartos sanos | %perdidos | % NI | %crónicas | %sanas 1L | %sanas 2-3L | %sanas4L | % <90del | %90-180del | %>180DEL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ENERO | 590 | 123 | 87 | 96,5 | 1,3 | 5,4 | 62 | 90 | 83 | 69 | 91 | 86 | 84 |
| FEBRERO | 580 | 128 | 87 | 97 | 1,3 | 6,1 | 54 | 93 | 83 | 70 | 89 | 89 | 86 |
| MARZO | 602 | 124 | 87 | 97,2 | 1,4 | 7,6 | 41 | 90 | 89 | 64 | 91 | 93 | 85 |
| ABRIL | 600 | 119 | 86 | 96,9 | 1,3 | 6,8 | 49 | 90 | 87 | 67 | 87 | 90 | 86 |
| MAYO | 626 | 115 | 85 | 96,5 | 1,2 | 7,8 | 49 | 91 | 84 | 63 | 89 | 88 | 82 |
| JUNIO | 629 | 125 | 86 | 96,3 | 1,2 | 7,3 | 49 | 92 | 82 | 72 | 83 | 86 | 86 |
| JULIO | 608 | 142 | 83 | 96,1 | 1,3 | 7,1 | 59 | 89 | 79 | 71 | 84 | 81 | 85 |
| AGOSTO | 615 | 152 | 84 | 96,5 | 1,2 | 6 | 63 | 88 | 82 | 72 | 85 | 85 | 83 |
| SEPTIEMBRE | 608 | 152 | 85 | 96,7 | 1,1 | 5,8 | 62 | 89 | 85 | 74 | 88 | 84 | 84 |
| OCTUBRE | 589 | 144 | 82 | 96,1 | 1,1 | 7,8 | 56 | 91 | 80 | 69 | 93 | 85 | 78 |
| NOVIEMBRE | 583 | 129 | 83 | 96,2 | 1,1 | 7,9 | 53 | 91 | 81 | 72 | 93 | 84 | 80 |
| DICIEMBRE | 574 | 119 | 82 | 95,8 | 0,9 | 8,5 | 51 | 90 | 78 | 80 | 88 | 87 | 75 |
| MEDIA | 600,3 | 131,0 | 84,8 | 96,5 | 1,2 | 7,0 | 54,0 | 90,3 | 82,8 | 70,3 | 88,4 | 86,5 | 82,8 |
| 2019 | 600 | <137 | >86% | >96,5% | <1,5% | <6,8% | 55 % | >92% | >83% | >73% | >89% | >90% | >83% |

MASTITIS CLÍNICAS

| 2020 | Nºmamitis | Nºcuarterones | %mamitis | %repetidora | %<30 DEL | % <90DEL | %90-180 | % >180 | %DD | %DI | %TD | %TI | % 1ªL | %2-3L | % 4L | %CURACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ENERO | 10 | 10 | 1,7 | 40 | 10 | 40 | 30 | 30 | 20 | 10 | 40 | 30 | 30 | 50 | 20 | 50 |
| FEBRERO | 23 | 23 | 4,8 | 29 | 21 | 25 | 36 | 39 | 25 | 18 | 29 | 28 | 29 | 50 | 21 | 65 |
| MARZO | 7 | 7 | 1,2 | 0 | 0 | 60 | 0 | 40 | 0 | 14 | 43 | 43 | 20 | 80 | 0 | 20 |
| ABRIL | 8 | 8 | 1,3 | 0 | 13 | 38 | 37 | 25 | 0 | 38 | 12 | 50 | 38 | 62 | 0 | 38 |
| MAYO | 15 | 15 | 2,4 | 0 | 27 | 47 | 33 | 20 | 13 | 0 | 47 | 40 | 27 | 60 | 13 | 73 |
| JUNIO | 18 | 18 | 2,9 | 12 | 29 | 59 | 35 | 6 | 0 | 16 | 47 | 37 | 6 | 76 | 18 | 44 |
| JULIO | 12 | 15 | 2,0 | 18 | 27 | 64 | 9 | 27 | 27 | 20 | 20 | 33 | 9 | 82 | 9 | 58 |
| AGOSTO | 14 | 14 | 2,3 | 29 | 14 | 28 | 43 | 29 | 23 | 23 | 23 | 31 | 14 | 65 | 21 | 67 |
| SEPTIEMBRE | 11 | 11 | 1,8 | 27 | 0 | 18 | 45 | 37 | 18 | 18 | 55 | 9 | 36 | 46 | 18 | 55 |
| OCTUBRE | 14 | 14 | 2,4 | 15 | 15 | 38 | 15 | 47 | 14 | 14 | 29 | 43 | 8 | 92 | 0 | 64 |
| NOVIEMBRE | 4 | 4 | 0,7 | 0 | 25 | 25 | 50 | 25 | 0 | 25 | 75 | 0 | 0 | 100 | 0 | 100 |
| DICIEMBRE | 12 | 14 | 2,1 | 0 | 25 | 50 | 25 | 25 | 43 | 28 | 29 | 0 | 8 | 92 | 0 | 50 |
| MEDIA | 153,0 | 158,0 | 3,1 | 14,7 | 17,3 | 41,0 | 29,8 | 29,2 | 15,3 | 18,7 | 37,4 | 28,7 | 18,6 | 71,3 | 10,0 | 57,0 |
| 2019 | <192 | <215 | <2,7% | <20% | <22% | <36% | 22 % | 42 % | 25 % | 25 % | 25 | 25 | 27 % | 48 % | 20 % | 65 % |



▸ ENFOCAR A CALIDADE DO LEITE CARA A XESTIÓN É O MELLOR CAMIÑO POSIBLE

| NºVACA | FECHA | CURACIÓN | NºL/DEL | REPETIDA | CUARTO | G+/G-/SC | HISTORIAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 206 | 19.5.20 | SÍ | 1L 5M | NO | TD | | |
| 821 | 20.5.20 | SÍ | 2L 3M | NO | DI | S.C. | |
| 909 | 26.5.20 | Seca | 1L 15M | NO | DI | G+ | |
| 912 | 4.6.20 | PERDIDO | 2L 2M | NO | DD | G- | |
| 1706 | 10.6.20 | NO,NO | 2L 3M | NO | DD,TD | S.C. | Sí lactación anterior |
| 1649 | 10.6.20 | SÍ | 2L 3M | NO | DD | G- | |
| 494 | 23.6.20 | SÍ | 3L 12M | SÍ | DI | G+ | 2º MAMITIS LACTACIÓ |
| 1706 | 29.6.20 | NO,SÍ | 2L 3M | SÍ | DD,TD | | MISMA MAMITIS JUNIO |
| 922 | 7.7.20 | SÍ | 2L 1M | NO | TD | G+ | |
| 912 | 17.7.20 | SÍ | 2L 3M | SÍ | TD | G+ | |
| 812 | 28.7.20 | SÍ | 2L 9M | NO | DD,TD | G+ | |
| 218 | 3.8.20 | SÍ | 1L 7M | NO | TD | G+ | |
| 1523 | 19.8.20 | SÍ | 2L 24M | SÍ | DI | G+ | 2º MAMITIS LACTACIÓ |
| 929 | 21.8.20 | SÍ,NO.NO | 2L 1M | NO | DD,DI,TI | G- | SECADO PROBLEMÁTIC |
| 1757 | 25.8.20 | SÍ | 1L 9M | NO | TD | G+ | |
| 1729 | 26.8.20 | SÍ | 2L 4M | NO | TI | G+ | |
| 1522 | 30.8.20 | SÍ | 3L 1M | NO | TI | G+ | SECADO SELECTIVO |
| 1741 | 5.9.20 | SÍ | 2L 3M | NO | DI,TI | | Sí lactación anterior |
| 1702 | 6.9.20 | PERDIDO | 2L 2M | NO | TD | S.C. | SECADO SELECTIVO |
| 200 | 7.9.20 | SÍ,NO | 2L 7M | SÍ | DI,TI | G+ | 2º MAMITIS DI LACTACI |
| 831 | 24.9.20 | SÍ | 2L 9M | NO | TD | G + | |
| 1514 | 24.9.20 | NO,NO | 3L 3M | NO | DI,TI | G- | |
| 1758 | 29.9.20 | SÍ | 1L 8M | NO | DD | S.C | |
| 452 | 19.10.20 | NO | 4L 6M | NO | DI | G+ | |
| 909 | 25.10.20 | PERDIDO | 2L 3M | NO | TI | | Sí lactación anterior |
| 1653 | 28.10.20 | VENTA | 2L 1M | NO | DI | | SELECYIVO |
| 801 | 2.11.20 | PERDIDO | 3L 2M | NO | DI | G- | Sí lactación anterior DI |
| 1708 | 4.11.20 | SÍ | 2L 6M | SÍ | DD | G- | 2º MAMITIS LACTACIÓ |
| 919 | 17.11.20 | SÍ | 2L 1M | NO | TD | G+ | Sí lactación anterior TD |
| 1882 | 23.11.20 | SÍ | 1L 2M | NO | DI | G+ | |
| 1708 | 30.12.20 | SÍ | 2L 8M | SÍ | DD | G+ | 3ºMAMITIS LACTACIÓN |
| 1524 | 30.12.20 | PERDIDO | 4L 1M | NO | TD | | SECADO SELECTIVO |

## REUNIÓN CO GANDEIRO

Unha vez recompilados e actualizados todos os datos dos que dispomos, reunímonos co gandeiro para explicarlle como está a situación da granxa, comparándoa co mes anterior e cos obxectivos propostos para este ano (normalmente fixámolos a partir dos resultados do ano anterior) e para realizar unha serie de recomendacións, que deberán ser o máis claras e concisas posibles:

- Listaxe de animais a secar diferenciando se se realizará unha terapia para vaca problemática (tratamentos parenterais a maiores da cánula intramamaria de secado e/ou de tapón), terapia normal (cánula antibiótica e/ou cánula de tapón) ou terapia selectiva (só aplicar cánula de tapón e no caso de que o instauramos na granxa en base aos índices que manexamos)
- Listaxe de vacas a eliminar
- Listaxe de vacas a tratar, adiantar secado ou secar cuarteirón
- Listaxe de vacas para tratamento antiinflamatorio
- Recomendacións sobre o manexo das camas
- Observacións sobre os ensilados
- Recomendacións sobre vacinacións
- Avaliación e cambio se procede dos protocolos de tratamento en lactación e secado
- Cultivo de mastites en granxa
- Alerta sobre reparacións na sala de muxido e mantementos (cambios de tetoeiras)
- Listaxe de animais a cambiar de lote (en explotacións con historial de contaxiosos)
- Recomendacións de rutina de muxido

## CONCLUSIÓN

En Gescal sempre nos esforzamos por facer pedagoxía cos nosos clientes para que, máis aló de que nas explotacións se poidan implementar unha serie de controis ou outros, o éxito da nosa consultoría estea en seguir unha sistemática de traballo periódica e continua, que nos capacite para que a toma de decisións e as súas repercusións non estean baseadas en sensacións, senón en datos medibles e obxectivos. Por tanto, estamos convencidos de que, canto maior sexa o seguimento dunha granxa, máis facilmente se atopará a raíz dos problemas e máis rapidamente se acabarán solucionando. Non sempre podemos traballar como queremos, pero o noso deber é sempre tentar ter o maior impacto posible nas granxas e, para iso, non temos dúbida de que enfocar a calidade do leite cara á xestión é o mellor camiño posible. ■




**Sexcel®** cumple su promesa con una fertilidad inigualable: un 3,3% más de tasa de concepción en vacas Holstein y un 3,0% más de tasa de concepción en novillas Holstein.

**Beef InFocus™**




Le ayudamos a diseñar una estrategia de producción ganadora con Sexcel® y la genética Beef InFocus™ para conseguir mejores vacas y más rápidamente y además obtener un volumen de ingresos extra.

Por qué conformarse con menos cuando ABS le proporciona la genética, tecnología y experiencia para llevar a cabo su estrategia ganadora.

#NuestroPlanGana
#NoSeasConvencional

ABS PROGENEX | RAFAEL BERGAMIN, 16A - 28043 MADRID, ESPAÑA | ABSGLOBAL.COM/ES/ | (+34) 91 483 49 30







**Para obtener más información sobre el Plan de Juego Ganador y maximizar su crecimiento genético, escanee el código QR o diríjase a nuestro sitio web: ABSGLOBAL.COM/ES/**